

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CURSO: 1º BACHARELATO
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
PROFESOR: MARIA ISABEL MOURE BALTAR
DATA: 12 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles tratados na PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN e que son tomados en conta para deseñar as actividades de RECUPERACIÓN realizadas no TERCEIRO TRIMESTRE

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica	
<p>Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.</p>	<p>Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. Analiza e relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. Responde ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.</p>
Bloque 2. A actividade produtiva	
<p>1. Analizar as características principais do proceso produtivo. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas. Expressar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.</p>	<p>Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. Calcula</p>

Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados., analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período

Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos

interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados

Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedemento -Comunicouse ós alumnos con avaliacións suspensas que para recuperar deben entregar as actividades que o profesor sinala. Estas actividades remitiranse de forma telemática. No caso de que se volvese ás aulas podería realizarse a maiores un cuestionario no centro de forma presencial. Informouse aos alumnos que deben obter como mínimo unha nota de 5. -Para aqueles alumnos coa primeira e segunda avaliación superadas as actividades deseñadas para o terceiro trimestre serán tidas sempre en conta de modo positivo. Serán realizadas de modo telemática. Para o traballo telemática Utilizouse a plataforma Classroom , e os Emai dos alumnos.
	Instrumentos: Como instrumentos de avaliación vaise a usar as actividades realizadas e remitidas polos alumnos e o seguimento e comunicación do alumno co profesor a través dos medios telemáticos citados no punto anterior
Cualificación final	<p>a) Alumnos con algunha avaliación suspensa</p> <p>Os alumnos deben entregar as actividades de recuperación requiridas en prazo. A cualificación mínima que deben obter nas actividades de recuperación, para considerarse superadas é de un 5..</p> <p>A nota máxima dunha avaliación recuperada por este método extraordinario será un 6.</p> <p>b) Alumnos que tiñan aprobada a primeira e a segunda avaliación: As actividades de ampliación que se veñen realizando con estes alumnos, serán avaliadas de forma sempre positiva no caso de ser entregadas. Estas actividades consisten en cuestións teóricas de razoamento sinxelo, problemas ,comentarios periodísticos e vídeos explicativos de noticias económicas</p> <p>c) Procedemento para obter a cualificación final:</p> <p>A cualificación final do módulo obterase como a media das cualificacións da primeira e da segunda avaliación, sempre que estean superadas.</p>

	A esta media poderáselle sumar ate un 2 puntos en función das actividades e o traballo de ampliación e repaso, realizado durante o terceiro trimestre
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria de setembro terá en conta os estándares traballados na primeira e na segunda avaliación, e realizarase mediante unha proba escrita no centro ,e de non ser posible a través de medios telemáticos. A proba escrita incluírá problemas e cuestións de razoamento.Será un exame de recuperación por avaliación suspensa. No caso de ter as dúas, será un examen onde figuren a primeira mais a segunda avaliación.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non hai alumnos con Economía de 1º Bacharelato pendentes
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles tratados na TERCEIRA AVALIACIÓN nas ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN DE CONTIDOS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía	
<p>Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade económica</p>	<p>Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. . Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os</p>

	ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.
--	--

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)		
Actividades		<p>Durante o terceiro trimestre indicouse aos alumnos que o prioritario sería realizar as actividades de recuperación, centradas nos estándares de aprendizaxe traballados na primeira e segunda avaliación.</p> <p>Para aqueles alumnos coas avaliacións superadas optouse por actividades de ampliación de novos contidos. Ós alumnos que teñen que recuperar tamén, unha vez rematadas as tarefas de recuperación de incorporarse ás actividades de ampliación.</p> <p>As actividades de ampliación, baséanse en teoría sinxela do libro, complementadas con videos polo profesor. Son valoradas sempre de forma positiva para o alumno que as realice.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)		<p>Todos os alumnos están conectados as clases de forma telemática aínda que con distinto seguimento, informouse ao titor de aqueles alumnos sen conexión</p>

Materiais e recursos	Recursos: CLASSROOM, EMAIL Materiais: libro dixital, vídeos.
-----------------------------	---

5. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O profesor informou aos alumnos das cuestións anteriores por e-mail, según se foi recibindo información por parte da Consellería
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.